

### Poboación

Os últimos datos facilitados polo INE indican que a poboación de Galicia era de 2.726.291 persoas (-8.365 persoas menos que no primeiro semestre de 2015), dato que supón un descenso dun -0,31% e confirma a tendencia decrecente dos últimos semestres, mantendo a Galicia como a quinta comunidade cun peor comportamento neste parámetro. Unha vez máis, o saldo vexetativo (nacementos - defuncións) foi a variable que tivo maior influencia nesta tendencia, xa que a diminución da poboación por este concepto mesmo se agudizou con respecto ao mesmo período do ano anterior, sen que os saldos migratorios exterior e interior (que, pese a supoñer tamén unha perda de poboación, tiveron un mellor comportamento que o observado no período de referencia) puidesen mitigar o seu efecto. No que respecta ao conxunto do Estado, aínda que o saldo vexetativo cambiou a súa tendencia e rexistrou valores negativos no semestre, o saldo migratorio pasou de -50.426 fai un ano a -7.385 neste semestre, o que se traduce en un descenso da poboación menor do rexistrado no primeiro semestre de 2014 (no que a poboación reduciuse nun -0,10%, fronte a unha redución do -0,06% neste semestre)

### Poboación de Galicia e España a 1 de xullo de 2015

	Poboación a 1 de xullo de 2015 (*)	Poboación a 1 de xaneiro de 2015	Saldo primeiro semestre de 2015			
			Vexetativo	Migratorio exterior	Migratorio interior	Saldo total
Galicia	2.726.291	2.734.656	-7.130	-134	-1.101	-8.365
España	46.423.065	46.449.565	-19.115	-7.385	0	-26.500

Fonte: INE / (\*) Datos provisionais

### Produto interior bruto galego e estatal


O PIB galego incrementouse no 3º trimestre en 0,7 décimas (0,8 en España), o que leva a un incremento interanual dun 2,1%, 1,3 puntos inferior á media estatal. Obsérvase no gráfico coa variación interanual do PIB en España e Galicia que, aínda que o crecemento do PIB estase a acelerar en ambos casos, desde o segundo trimestre do 2014 o ritmo de crecemento no Estado é superior en máis dun punto ao de Galicia.

Variación interanual porcentual do PIB (índices de volume encadeados, referencia ano 2010=100. Datos Corrixidos de estacionalidade e calendario) Galicia-España 2009-2015 (\*)

	% (T/T-4)	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2T14	3T14	4T14	1T15	2T15	3T15
Galicia		-3,6	0,2	-1,3	-2,7	-0,7	0,4	0,1	0,5	0,8	1,3	1,8	2,1
España		-3,8	0,0	-1,0	-2,6	-1,7	1,4	1,2	1,7	2,1	2,7	3,2	3,4

Fontes: INE (Contabilidade Nacional Trimestral), IGE

(\*) os valores anuais para o PIB estatal para os anos 2011-2014 foron recalculados no pasado setembro (ver nota de prensa INE do 05.09.2015) rexistrando se valores inferiores aos calculados previamente nos anos 2011 a 2013



### Poboación activa, paro rexistrado, contratación e afiliación á Seguridade Social

No último trimestre de 2015, a Enquisa de Poboación Activa (EPA) reflicte para Galicia unha diminución de -9.100 persoas respecto da poboación activa no mesmo trimestre do ano anterior, o cal representa unha diminución porcentual de -0,72%, diminución maior á rexistrada no conxunto do Estado. A taxa de ocupación reduciuse en dúas décimas con respecto ao trimestre anterior,

quedando rexistrada no 43,9% (o número de ocupados foi de 1.032.500 persoas ocupadas, -6.500 respecto ao total). Pola súa banda, a taxa de paro mantense no 17,7% da poboación activa, cun total de persoas desempregadas de 222.800.

Un total de 68.646 novos contratos supón que a contratación incrementouse no mes de decembro tanto respecto ao mes anterior (un 0,85% máis) como fronte ao mes de decembro de 2014 (un 16,16% máis). O incremento citado non se ve reflectido en todas as categorías por igual: comparando co mes de decembro do ano anterior, vemos que o incremento afectou máis á mulleres e a persoas de 45 ou máis anos, e veuse restrinxido a contratos temporais e en prácticas/formación (o número de indefinidos asinados descendeu lixeiramente, e o concepto "outras modalidades" descendéron máis dun -10%). Por sectores, houbo máis sinatura de contratos tanto na industria como no sector servizos, mentres que os asinados na construción reducíronse case nun -9%.

O dato do paro rexistrado en Galicia en decembro de 2015 foi de 228.808 persoas, dato que supón un incremento dun 1,62% respecto ao dato de novembro, e un descenso de -23.110 persoas respecto a decembro de 2014 (un -9,17% menos). Se ben o descenso interanual amósase en todas as categorías (por sexo, idade e sector de actividade) cómpre sinalar que as persoas paradas e rexistradas que se benefician en menor medida do descenso son mulleres, maiores de 45 anos e están encadradas laboralmente no sector servizos, no sector primario e no colectivo sen emprego anterior, tal e como xa viña sucedendo ao longo do último ano

Os datos do mes de decembro da Tesourería Xeral da Seguridade Social amosan unha media de persoas afiliadas en Galicia de 946.123, o que supón un descenso de -3.009 persoas, e un incremento respecto a decembro de 2014 de 19.641 persoas afiliadas. O incremento anual da afiliación foi un punto menor á media estatal, e está entre os máis débiles dos rexistrados neste período, tan só por enriba dos valores rexistrados en Asturias, Cantabria e Castela-León.

#### Datos contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector, Decembro 2015

	Mes actual	Var. mes anterior	% Var. mes anterior	Var. mes ano anterior	% Var. mes ano anterior
<b>decembro 2015</b>	<b>68.646</b>	<b>576</b>	<b>0,85%</b>	<b>9.552</b>	<b>16,16%</b>
Homes	33.258	-1.929	-5,48%	3.413	11,44%
Mulleres	35.388	2.505	7,62%	6.139	20,99%
<30 anos	21.339	70	0,33%	2.326	12,23%
entre 30 e 44 anos	31.787	292	0,93%	3.989	14,35%
>44 anos	15.520	214	1,40%	3.237	26,35%
Indefinido	4.405	-874	-16,56%	-39	-0,88%
Temporal	62.220	1.370	2,25%	9.393	17,78%
Prácticas / Formación	1.115	-202	-15,34%	309	38,34%
Outros	899	275	44,07%	-117	-11,52%
Agricultura e Pesca	1.328	-596	-30,98%	-9	-0,67%
Industria	8.986	-397	-4,23%	1.537	20,63%
Construción	2.574	-874	-25,35%	-251	-8,88%
Servizos	55.758	2.443	4,58%	8.275	17,43%

Fonte: *Boletín Mensual de Contratación*, Consellería de Traballo e Benestar

#### Paro rexistrado en Galicia por xénero, idade e sector, Decembro 2015

	Mes actual	Var. mes anterior	% Var. mes anterior	Var. mes ano anterior	% Var. mes ano anterior
<b>decembro 2015</b>	<b>228.808</b>	<b>3.650</b>	<b>1,62%</b>	<b>-23.110</b>	<b>-9,17%</b>
Homes	106.824	4.115	4,01%	-14.568	-12,00%
Mulleres	121.984	-465	-38,00%	-8.542	-6,54%
<30 anos	31.076	-465	-1,47%	-5.211	-14,36%
entre 30 e 44 anos	85.651	1.782	2,12%	-12.283	-12,54%
>44 anos	112.081	2.333	2,13%	-5.616	-4,77%
Agricultura e Pesca	9.229	459	5,23%	-174	-1,85%
Industria	28.852	1.318	4,79%	-5.590	-16,23%
Construción	28.141	2.095	8,04%	-6.055	-17,71%
Servizos	144.470	114	0,08%	-9.615	-6,24%
Sen emprego anterior	18.452	-336	-1,82%	-1.676	-8,47%

Fonte: *Boletín Mensual do Paro rexistrado*, Consellería de Traballo e Benestar, Xunta de Galicia

#### Datos de Afiliación á Seguridade Social Galicia-España, Decembro 2015

	Afiliación media decembro 2015	Variacións			
		mes anterior		interanual	
		absoluta	relativa	absoluta	relativa
<b>Galicia</b>	<b>946.123</b>	<b>-3.008</b>	<b>-0,32%</b>	<b>19.641</b>	<b>2,12%</b>
<b>España</b>	<b>17.308.400</b>	<b>85.314</b>	<b>0,50%</b>	<b>533.186</b>	<b>3,18%</b>

Fonte: IGE *Informe de afiliación á seguridade social* (segundo datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social)

A sinistralidade laboral en Galicia continuou en aumento no mes de decembro, tal e como está a ocorrer ao longo de todo o ano 2015. O número de accidentes laborais con baixa en xornada de traballo aumentou nun 5,8%, cun incremento marcado dos accidentes graves (aumentan un 23.3% fronte a decembro de 2014), que viñan tendo un mellor comportamento que os leves, Os accidentes mortais seguen a descender, o cal supón a principal nota positiva. Por sectores de actividade, unha vez máis o dato máis positivo apréciase no sector pesqueiro, no cal o número total de accidentes reduciuse no período de referencia de xeito destacado. O peor comportamento o tivo o sector industrial, cun incremento dos accidentes superior ao 18%, seguido polo sector agrícola e o sector servizos

#### Accidentes laborais con baixa en xornada de traballo por sectores de actividade e gravidade. Galicia, Decembro 2015

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2014	2015	% Var	2014	2015	% Var	2014	2015	% Var	2014	2015	% Var
Agricultura	86	89	3,49	4	6	50,00	0	0	0,00	90	95	5,56
Pesca	64	57	-10,94	3	4	33,33	5	1	-80,00	72	62	-13,89
Industria	460	538	16,96	4	11	175,00	2	1	-50,00	466	550	18,03
Construción	228	222	-2,63	8	4	-50,00	0	1	-----	236	227	-3,81
Servizos	839	870	3,69	11	12	9,09	3	1	-66,67	853	883	3,52
<b>Total</b>	<b>1.677</b>	<b>1.776</b>	<b>5,90</b>	<b>30</b>	<b>37</b>	<b>23,33</b>	<b>10</b>	<b>4</b>	<b>-60,00</b>	<b>1.717</b>	<b>1.817</b>	<b>5,82</b>

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. ISSGA.

#### Conflitividade laboral

Segundo os datos provisionais facilitados polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social no período xaneiro-setembro de 2015, en Galicia leváronse a cabo 66 folgas, o que supón un descenso dun -18,5% fronte as do mesmo período do ano anterior. Tamén se produciu un descenso (neste caso, dun -27,5%) na súa repercusión, medida en función das persoas traballadoras que participaron nelas. A redución en número de xornadas non traballadas observada en Galicia no 3º trimestre fronte aos datos de 2014 fixo posible que este parámetro retornase a valores negativos nos nove primeiros meses do ano, cunha redución de xornadas non traballadas dun -7,9%.

Se ben a tendencia xeral no referente á conflitividade laboral amosa un comportamento descendente da mesma tanto en Galicia como no conxunto do Estado, as distintas variables teñen diferentes grados de intensidade. Así, mentres o descenso en número de folgas rexistradas redúcese de xeito similar nos dous casos, a redución no número de persoas traballadoras participantes foi maior en Galicia que en España (-27,5% fronte a un -5,2%). Porén, a redución en número de xornadas non traballadas foi máis acusada en España (-25,8%) que en Galicia (-7,9%)

#### Folgas realizadas, traballadores participantes e xornadas non traballadas Galicia-España Xaneiro-Setembro 2015

	Folgas		Traballadores participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período ano anterior
Galicia	66	-15	15.363	-5.824	26.613	-2.283
España	478	-100	128.989	-7.084	332.964	-115.764

Estadística de folgas e peches patronais. Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

(datos provisionais)

#### Datos de expedientes de regulación de emprego

Con datos dispoñibles para o conxunto de 2015, analizamos o comportamento dos Expedientes de Regulación de Emprego. En 2015 presentáronse 613 EREs, un -37,7% menos que no 2014. Estudando máis polo miúdo a evolución dos mesmos apréciase unha redución en todos os tipos de expediente, máis modesta nos de despedimentos colectivos (-2,6%) e moito máis acusada nos expedientes de suspensión de contratos (-25,8% menos que en 2014) e sobre todo nos de redución de xornada que diminuíron en máis da metade (-51,9%). Por sectores, todos presentaron redución significativa, salvo o pesqueiro, no que aumentaron o 144,9%.

#### Expedientes de regulación de Emprego segundo a medida e o sector de actividade (Xaneiro-Decembro 2015)

	Despedimentos colectivos			Suspensións de contratos			Reducións de xornada			Totais		
	2014	2015	% Var.	2014	2015	% Var.	2014	2015	% Var.	2014	2015	% Var.
Agricultura	1	0	-----	3	1	-----	1	0	-----	5	1	-----
Pesca	3	6	100,00%	64	158	146,88%	0	0	0,00%	67	164	144,78%
Industria	13	14	7,69%	163	64	-60,74%	100	41	-59,00%	276	119	-56,88%
Construción	6	4	-33,33%	74	33	-55,41%	52	17	-67,31%	132	54	-59,09%
Servizos	16	14	-12,50%	157	86	-45,22%	331	175	-47,13%	504	275	-45,44%
<b>TOTAL</b>	<b>39</b>	<b>38</b>	<b>-2,56%</b>	<b>461</b>	<b>342</b>	<b>-25,81%</b>	<b>484</b>	<b>233</b>	<b>-51,86%</b>	<b>984</b>	<b>613</b>	<b>-37,70%</b>

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. Secretaría Xeral de Emprego

En 2015 apréciase un descenso do -46,71% no número de persoas traballadoras afectadas por EREs, tanto para homes (4.934 fronte ós 8.893 afectados o ano pasado, un -44,5% menos) como para mulleres (1.333 mulleres afectadas en lugar das 2.868 afectadas en 2014, un descenso do -53,5%), para todo tipo de medida obxecto do expediente salvo mulleres en despedimentos colectivos.

Datos da *Encuesta Trimestral de Coste Laboral* do INE para o terceiro trimestre de 2015 amosan un valor medio do custo laboral por persoa traballadora e mes de 2.196,2 €, o que supón un descenso interanual dun -0,4%. No referente aos custos salariais, o seu valor medio por persoa traballadora e mes foi de 1601,9 €, co que o valor desta variable mantense constante respecto ao valor de fai catro trimestres. Ambos valores son inferiores en máis dun 10% aos valores medios estatais.

### Custos laborais e salariais. Galicia. 2010-2015

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo salarial por persoa traballadora e mes	
	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.
2010	2251,3	2,3	1663,2	3,0
2011	2265,3	0,6	1669,7	0,4
2012	2206,2	-2,6	1618,1	-3,1
2013	2260,2	2,4	1656,0	2,3
2014	2261,4	0,0	1654,0	0,0
2T14	2291,8	-0,1	1671,9	-0,2
3T14	2204,8	0,0	1602,8	0,2
4T14	2378,7	0,6	1769,0	-0,5
1T15	2175,0	0,2	1582,3	0,6
2T15	2242,9	-2,1	1635,8	-2,2
3T15	2196,2	-0,4	1601,9	0,0

Fonte: INE (*Encuesta trimestral de coste laboral*)

## Sociedades constituídas, disoltas e ampliacións de capital

En decembro constituíronse 323 sociedades mercantís en Galicia, o que incrementa o seu número en 8 respecto do mes anterior e en 36 respecto a decembro do ano pasado. O capital medio subscrito nas sociedades constituídas no último mes foi de 91.935,1€

### Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, Decembro 2015

	Dato do mes		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto mes pasado	% variación de capital respecto ao mes pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo mes ano pasado	% variación de capital respecto ao mesmo mes do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	323	29.695,1	8	-80,1	36	107,7
Sociedades que ampliaron capital	125	147.997,8	6	129,3	2	101,9

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

### Sociedades mercantís disoltas ou que reducen capital, Decembro 2015

	Decembro 2014	Novembro 2015	Decembro 2015
Sociedades disoltas	157	16	21
Sociedades que reducion capital	37	121	190
Sociedades en situación concursal	40	27	23

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Por outra banda, en decembro disolvéronse 21 sociedades mercantís, 5 máis que no mes anterior, e 136 menos que no mesmo mes do ano pasado. No tocante ás reducións de capital, este feito produciuse en 190 empresas (69 máis que no mes anterior, e 157 máis que en decembro de 2014). Ademais, rexistráronse tres procesos de escisión de empresas, dez de fusión e 23 empresas entraron en situación concursal, dato que supón unha rebaixa dun 42,5% respecto das que o fixeron no mesmo mes do pasado ano.

## Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

Un rápido balance numérico da actividade do Consello no 2015 amosa os seguintes valores:

No exercicio da súa función consultiva, o Consello emitiu 52 ditames sobre normativa laboral

O procedemento de solución extraxudicial de conflitos colectivos de traballo (AGA) tramitou un total de 70 expedientes, Os acordos acadados a través del afectaron a máis de 200 empresas e máis de 7.500 persoas traballadoras.

Na súa tarefa a prol da negociación colectiva, tiveron lugar 36 xuntanzas sectoriais e de empresa, de comisións negociadoras e paritarias de convenios colectivos. En dous sectores (Pompas Fúnebres de Galicia e Eventos e Producións Culturais de Galicia) as xuntanzas deron como froito a sinatura dun convenio colectivo para o sector.

Respecto da súa labor fomentando o debate sobre temas laborais de actualidade, o Consello levou a cabo 8 xornadas e seminarios nas principais cidades galegas, xornadas que contaron cunha asistencia global de 727 participantes. O Curso Superior de Relacións Laborais, que o Consello realiza cada ano en colaboración coa USC, acadou a súa edición número XXV.

No apartado de publicacións, hai que destacar que, ás de carácter periódico (Informe da situación sociolaboral, Memoria de actividades ou boletíns) uníronse este ano dúas publicacións especiais, destinadas a resolver as dúbidas máis frecuentes tanto na negociación colectiva como na negociación dun Plan de Igualdade.

Pode consultar máis información específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva do Consello: [http://cgri.xunta.es/g\\_neco2.html](http://cgri.xunta.es/g_neco2.html)